




CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO

E-mail: correo@boimorto.es

Teléfono: 981 516 045

Web: www.concellodeboimorto.es



REBECA VÁZQUEZ VÁZQUEZ SECRETARIA-INTERVENIDORA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA).

CERTIFICO:

Que a Alcaldesa con data quince de xullo de dous mil dezaseis, ditou o Decreto que deseguido se transcribe literalmente:

<<

Decreto: 269 / 2016

Data decreto: 15/07/2016

Descrición decreto: Rectificación erro decreto 258/2016 convocatoria e aprobación bases para a selección de persoal laboral temporal para brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

DONA MARÍA JESÚS NOVO GÓMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Visto o decreto 258/2016 sobre a convocatoria e aprobación bases para a selección de persoal laboral temporal para brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

Tendo en conta o artigo 105 da Lei 30/1992 do 26 de novembro de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común que establece no seu apartado 2 “ Las Administraciones Públicas podrán asimismo, rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”.

En uso das facultades outorgadas a esta Alcaldía polo artigo 21 da Lei 7/1985 do 2 de abril de bases do réxime local en materia de persoal polo presente, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Rectificar no apartado indicado anteriormente o erro do decreto 258/2016 eliminando no ANEXO IV punto 1.1 Certificado y reconocimiento médico: “ *Durante el período de prueba del contrato se realizará un reconocimiento médico que cumpla los criterios base que se citan a continuación*”.

Dito recoñecemento médico cos criterios base que se citan no punto 1.2 será requisito esixido con anterioridade á execución da proba de aptitude física, tal como se sinala na base segunda decreto 258/2016, quedando así acreditado o recoñecemento médico sen ser necesario a súa realización para o período de proba do contrato, cumprindo o establecido no convenio de colaboración suscrito entre este Concello e a Consellería do Medio rural para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa polo que se outorga subvención directa a este Concello para dito fin.

SEGUNDO.- Publicar certificación deste decreto na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios aos efectos oportunos.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa, D^a. María Jesús Novo Gómez en Boimorto quince de xullo de dous mil dezaseis do que, como secretaria asino aos unicos efectos de dar fe.

A Alcaldesa - Presidenta

Perante min, a secretaria

Asdo.- María Jesús Novó Gómez

Asdo.- Rebeca Vázquez Vázquez>>

E para que conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa, en BOIMORTO, a 15 de xullo de 2016

Vº Pr.

A Alcaldesa



Asdo.- María Jesús Novó Gómez

